



MEMORIA XUSTIFICATIVA

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA E A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS PARA O FINANCIAMENTO DE DIVERSAS ACTUACIÓNS DERIVADAS DO PLAN hURBE 2019-2020

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, creada polo Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, en virtude do establecido na súa Disposición transitoria primeira e no apartado m) do artigo 13.1 do Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería, ten atribuída a competencia para a realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

A consellería a través dos plans hURBE trata de dar resposta á necesidade de humanización das vilas e de incrementar o atractivo dos núcleos rurais como factor determinante do equilibrio territorial.

O conxunto de vilas dispersas pola nosa xeografía, articulan e centralizan a vida económica, social e cultural do territorio que se atopa baixo a súa área de influencia. Constitúen verdadeiros motores de dinamización social e económica ao converterse en puntos de localización dun importante número de servizos públicos e privados que permiten achegar o modelo urbano a todo o territorio.

A súa influencia ven determinada por diversos factores como accesibilidade ao núcleo, o nivel de servizos, equipamentos e actividades de ocio que subministra ao conxunto da poboación, e o seu papel como centro comercial para a economía da zona.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA
Dirección Xeral de Ordenación do
Territorio e Urbanismo

Edificio Administrativo San Caetano s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

galicia

Á Axencia Galega de Infraestruturas conforme o establecido na Lei 16/2010, do 17 de decembro, e organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e no Decreto 173/2011, do 4 de agosto, correspóndelle impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de estradas e, en especial, a planificación, proxección, construción, conservación e explotación das estradas que sexan competencia da comunidade autónoma, e os servizos que se poidan instalar ou desenvolver nas ditas infraestruturas; e, tamén, garantir o uso e defensa do patrimonio viario. Ademais a axencia poderá, directamente ou a través de sociedades adscritas ou sobre as que teña atribuída a súa tutela funcional, planificar, proxectar, construír, conservar e explotar outras infraestruturas, en virtude das encomendas ou encargos que reciba dos órganos ou entidades competentes.

A AXI realiza obras de infraestruturas de carácter xeral nos concellos dentro do ámbito das súas competencias de planificación, proxección, construción, conservación e explotación das estradas que sexan competencia da comunidade autónoma, e os servizos que se poidan instalar ou desenvolver nas ditas infraestruturas.

No ano 2019 tiña previsto acometer unha serie de obras en diversos concellos que non se van desenvolver no presente exercicio, polo que, dada a repercusión do Plan hURBE nas infraestruturas e a vinculación destas aos intereses xerais, acordou instrumentar a colaboración económica coa Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a través dun acordo para a correcta execución das actuacións previstas no dito plan.

O acordo de colaboración arriba referido terá un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do convenio ata o 31 de decembro de 2019.

O obxecto do acordo consiste en establecer as bases da colaboración e económica entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e a Axencia Galega de Infraestruturas, que permitan a execución das distintas actuacións derivadas do Plan hURBE para os anos 2019-2020.



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA
Dirección Xeral de Ordenación do
Territorio e Urbanismo

Edificio Administrativo San Caetano s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

galicia

Polo exposto, estímase xustificada a utilización deste instrumento de cooperación para articular as actuacións de referencia, quedando fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Santiago de Compostela, na data da sinatura. María Encarnación Rivas Díaz,
Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo



Xacobeo 2021

